

## O RELEVO TERRESTRE

### 1. A codia terrestre.

### 2. A superficie da Terra non é lisa.

### 3. A formación do relevo.

### 4. **Glosario:** Codia, Océano, Montaña, Chaira, Meseta, Depresión, Val, Golfo, Cabo, Illa, Arquipélago, Cordilleira, Península, Plataforma continental, Dorsal oceánica, Foxas mariñas, Placas tectónicas, Volcán, Terremoto, Cinto de Fogo, Tsunami.

## 1. A CODIA TERRESTRE.

### 1.1. Os océanos e os continentes

- A **codia** terrestre está constituída polos **océanos** (que ocupan o 70%) da superficie, e as terras emerxidas (que supoñen o 30%)
- **Os océanos:** son grandes masas de auga salgada.
- Hai 5 océanos:
  - **Océano Pacífico:** é o máis grande (ocupa un terzo da superficie terrestre) e alberga as maiores profundidades do planeta.
  - **Océano Atlántico:** é o océano menos profundo e o segundo máis extenso.
  - **Océano Índico:** sitúase entre Oceanía, Asia e África. É o terceiro en tamaño e o que ten unhas augas superficiais máis cálidas.
  - **Océano Antártico ou Austral:** rodea o polo sur e destaca por ser o máis ventoso e tempestuoso dos océanos. Está considerado o cuarto océano máis grande.
  - **Océano Ártico:** rodea o polo norte e a maioría das súas augas están sempre conxeladas. É o máis pequeno, menos profundo e máis fríos dos cinco continentes. Destaca tamén por ser o menos salgado.
- **Os continentes:** son grandes extensións de terra rodeadas por océanos e mares, e as illas (porcións de terra máis pequenas rodeadas de auga)
- Hai 6 continentes:
  - **Asia**
  - **América**
  - **África**
  - **Europa**
  - **Oceanía**
  - **Antártida**



## 2. A SUPERFICIE DA TERRA NON É LISA.

### 2.1. As formas do relevo continental


- As **montañas** son terreos elevados con fortes pendentes. Poden estar illadas ou agrupadas en **serras**, **sistemas montañosos** ou **cordilleiras**.
- As **chairas** son terreos chans de pouca altitude.
- As **mesetas** son chairas elevadas.
- As **depresións** son terreos situados a menor altitude ca as terras que os rodean. Algunhas incluso están por debaixo do nivel do mar.

### 2.2. As formas do relevo costeiro

- As zonas de contacto entre a terra e o mar forman a **costa ou litoral**.
- Distinguimos **costas baixas** (na que predominan as **praias**) e costas altas (en que sobresaen os **acantilados**).
- Formas da costa:
  - **Península**: porción de terra rodeada de auga por todas partes menos por unha, chamada **istmo**.
  - **Illa**: porción de terra rodeada de auga. Varias illas próximas constitúen un **arquipélago**.
  - **Cabo**: tramo do litoral que entra no mar.
  - **Golfo**: entrada de mar na costa. Se é pequeno chámase **baía**.

### 2.3. As formas do relevo submarino


- A **plataforma continental** é unha superficie suavemente inclinada que remata nunha forte pendente chamada **noiro/talud continental**.
- Entre 3000 e 7000 m de profundidade, esténdese a inmensa **chaira abisal**, que constitúe o fondo mariño. Adoita ter **dorsais oceánicas** (grandes cordilleiras somerxidas).
- As **foxas mariñas** son extensas fendas que se abren na **chaira abisal**.



### 3. A FORMACIÓN DO RELEVO.

#### 3.1. A tectónica de placas

- A Terra está sempre en **movemento e formación**.
- As terras que agora se encontran na superficie antes estiveron somerxidas baixo os océanos, e estes cambios continúan hoxe en día.
- Isto é posible porque **a codia terrestre está formada por placas tectónicas que están en constante movemento debido ás forzas internas da Terra**.
- As placas non coinciden exactamente cos continentes.
- No seu desprazamento, a veces **as placas chocan entre elas**.
- Nestes casos pode ocorrer que se abra unha **fenda pola que ascenda o magma á superficie**.






### 3.2. Os volcáns


- Os volcáns son **fendas na codia terrestre** polas que se expulsan materiais do interior da Terra a elevadas temperaturas.
- Estas fendas fórmanse polo **choque de dúas placas tectónicas**.
- Polo xeral **localízanse nas zonas de contacto** das placas e a maioría das erupcións prodúcense no fondo dos océanos.
- Os **volcáns dormentes** permanecen en repouso durante moito tempo. En cambio, os **volcáns activos** están en constante actividade.

#### ERUPCIÓN DUN VOLCÁN




### 3.3. Os terremotos

- Os terremotos ou sismos son **tremores bruscos da codia terrestre, provocados polo choque das placas, os movementos das fallas ou as erupcións volcánicas**. Estas sacudidas propáganse en todas as direccións a través das **ondas sísmicas**, que son moi destrutivas.
- O punto do interior da terra no que se orixina o terremoto chámase **hipocentro**.




- O punto da exterior da terra onde se produce unha maior destrución chámase **epicentro**.
- Os sismos suceden constantemente, non percibimos a maioría porque son leves.
- A magnitude dun terremoto mídese **sismógrafos** e cuantifícase utilizando a **escala de Richter**.
- A zona de maior actividade sísmica planeta é o **Cinto de Fogo**.
- Os terremotos son tamén frecuentes Indonesia, o Himalaia, Irán, Turquía e mar Mediterráneo.



pero  
moi  
cos  
do  
en  
o

### 3.4. Os tsunamis

- Un *tsunami* ou maremoto é unha serie de **ondas xigantes** que se producen como consecuencia dun terremoto ou dunha erupción volcánica no fondo do mar.



- 1 Un movemento sísmico orixinado no fondo do mar despraza grandes cantidades de auga cara a superficie.
- 2 Prodúcese grandes ondas circulares que poden percorrer miles de quilómetros a unha velocidade de ata 900 km/h.
- 3 A medida que se achega a costa obtén máis forza e redúcese a distancia entre as ondas.
- 4 Ó tocar a costa, o tsunami xenera primeiro unha forte contracorrente e a auga retírase.
- 5 Ó golpear actúa cunha gran forza, con varias series de enormes ondas que devastan todo o seu paso.